



C O N C E L L O

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

Para os efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP) en relación co artigo 116 do citado texto legal, esta alcaldía entende necesario proceder á execución das obras de "REHABILITACIÓN DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DEDICADAS A PISCINAS", actuación incardinable nun contrato administrativo de obras, segundo o previsto no artigo 13, en relación co Anexo I da devandita norma.

A natureza e extensión das necesidades a satisfacer que pretenden cubrirse co contrato proxectado son as definidas polo arquitecto técnico autor do proxecto, Miguel Ángel Pérez Marquina, de acordo co artigo 13 LCSP, xa que recolle os factores de todo orde a ter en conta na execución do contrato. O devandito proxecto consta de cantos documentos son esixidos no artigo 233 LCSP, contemplándose na súa elaboración o disposto nos artigos 124 a 134 RGLCAP.

Así, en canto ás características do obxecto do contrato, e ao seu obxecto, as obras de REHABILITACIÓN DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DEDICADAS A PISCINAS supoñen a realización de traballos que melloran o medio físico (artigo 13.2 LCSP).

O obxecto da actuación é a de mellorar os peches exteriores, a substitución dos valados interiores existentes, aumentar a accesibilidade xeral, reparar as piscinas co obxecto de eliminar fugas de auga, implementar medidas de sustentabilidade ambiental e seguridade no sistema de bombeo e depuración e substituír a iluminación existente por tecnoloxía led, coa finalidade de mellorar a salubridade e a seguridade de utilización das instalacións e que resulten sostibles mellorando a súa eficiencia enerxética.

Para ese efecto, **DISPOÑO:**

Primeiro.- Iniciar o expediente administrativo para levar a cabo a tramitación do contrato administrativo de obras de "REHABILITACIÓN DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DEDICADAS A PISCINAS" mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria.

Segundo.- Incorporar o proxecto de obras, no que se cuantifica o prezo do contrato, así como proceder á correspondente tramitación do expediente de contratación administrativa en función da consignación orzamentaria existente.

Para os efectos previstos no artigo 28.1 da LCSP, xustifícase a necesidade de acudir ao contrato administrativo de obras en base á insuficiencia de medios persoais e materiais, xa que o concello non dispón de equipos cos que realizar as actuacións proxectadas.

Terceiro.- Que se elabore o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán a contratación referenciada e que se emitan os oportunos informes.

Cuarto.- Publicar a presente providencia no perfil do contratante desta Administración, para os efectos previstos no artigo 116.1 da LCSP.





Tel. 986 76 84 09
Fax 986 76 84 11

C O N C E L L O
DE
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

Documento asinado dixitalmente ao marxe.

O alcalde

Emiliano Lage Rodríguez

